

A QUE SABE A LÚA?

Michael Grejniec

Este máxico conto fálanos de cooperación, axuda, solidaridade, amizade e de sonos compartidos. Ademais esta preciosa historia ten unha mensaxe clara: o traballo en equipo é necesario para lograr conquistar algo que desexemos moito, sen importar como é cada un de nós.

“Xuntos podemos lograr calqueira cousa, os soños máis difíciles, incluso cumprir aqueles desexos que a primeira vista parecen inalcanzables”

Visionado video

Comezaremos vendo o vídeo de a que sabe a lúa que tedes no enlace :

<https://www.youtube.com/watch?v=f03MdJvFk8A>



Facer unha ficha persoal sobre o conto nun folio



O MEU NOME É: _____

TEÑO : _____ ANOS

MIDO: _____ CM

A MIÑA LÚA SABE A: _____


Aproveitando esta actividade poderíamos imaxinarnos tamén a que podería saber a lúa dos meus amiguiños do cole (con alimentos doces e salgados).ex:

A de Martín sabería a.....pan


A de Aitana sabería a.....plátano

A de Xacobe sabería a.....amorodo




Asi con todos os vosos amiguiños e despois aproveitamos e facemos unha clasificación de alimentos doces e salgados. Poñemos o número de alimentos que hai en cada grupo, e observamos onde hai mais e onde hai menos. Tamén contamos os alimentos que temos en total entre os dous grupos.



DOCE



SALGADO




+



=





Para finalizar podemos facer de cociñeiros/as e untar unha tostada de pan bimbo con nocilla e decorala con lacasitos e outra cunha loncha de queixo e decorala con aceitunas e tomatiños pequenos. Unha vez feito probamos as tostadas para diferenciar ben o sabor doce do salgado. Parabens ,seguro que vos saíu xenial!

Personaxes do conto

A través das seguintes adiviñas ,descubrimos os animais do conto, escribimos os seus nomes e cos animalíños de xogar que temos na casa poñemos cada palabra co animal que corresponda. Os de cinco poden escribir tamén en minúscula e compoñer unha frase. Tamén podemos buscar que compañeiros do cole empezan pola letra de cada animal (compoñemos ou escribimos e logo os agrupamos), e facemos conteo: ¿cantos nenos hai que empecen pola letra m de mono?, ¿cantos pola letra l de león?..... anotamos o número en cada grupo e utilizamos cuantificadores, neste grupo hai mais, neste hai poucos, neste hai tantos coma.....etc

CON PATAS E RABO
VOUME A CASA QUE
VEN O GATO

DAS COUSAS QUE FAGO
EU NON DISCURRO NADA
E AS QUE REPITO
SON UNHA MONADA

CO MEU LONGO COLO
PASEO MOI FELIZ
SE FORAS UN MOSQUITO
VERÍASME O NARIZ

VEÑO DA FAMILIA DO LOBO
SON ASTUTO E MOI LISTO
E ZAMPO AS GALIÑAS
COAS SÚAS PLUMIÑAS



TEÑO UNHA LONGA MELENA
SON FORTE E MOI VELOZ
TAMÉN TEÑO BOCA GRANDE
E DOU MEDO COA MIÑA VOZ

DE RAIAS É O MEU PIXAMA
PERO NUNCA ME METO NA CAMA
QUEN SON?

TEÑO MOITA MEMORIA
BO OLFATO E DURA PEL
E O MÁIS GRANDE FUCIÑO
QUE O MUNDO PODE VER

LENTA DIN QUE SON
O MEU CORPO É UN DURO
CAPARAZÓN
AGOCHO AXIÑA A MIÑA CABEZA
AS PATAS E A MIÑA COLIÑA

Xogamos cos animais da casa

- Ordeamos x tamaños de menor a maior e de maior a menor.
- Clasificámolos polo lugar onde viven(selva,campo bosque).
- Facemos unha torre con eles coma no conto.
- Imitamos os sons que fan.
- Debuxámolos observando como son.
- Fago unha lúa cun prato de cartón para que os animais poidan xogar xuntiños preto da súa amiga a LÚA.